

1 Curso POO PHP Características da POO

1.1 Características da POO

Na actualidade con PHP podes utilizar dous estilos de programación: programación estruturada e programación orientada a obxectos.

Non obstante, a linguaxe PHP orixinal non se deseñou con características de orientación a obxectos. Só a partir da versión 3, empezáronse a introducir algúns trazos de POO na linguaxe. Isto potenciouse na versión 4, aínda que de forma moi rudimentaria. Por exemplo, en PHP4:

- Os obxectos pásanse sempre por valor, non por referencia.
- Non se pode definir o nivel de acceso para os membros da clase. Todos son públicos.
- Non existen os interfaces.
- Non existen métodos destrutores.

Na versión actual, PHP5, [reescribiuse](#) e potenciouse o soporte de orientación a obxectos da linguaxe, ampliando as súas características e mellorando o seu rendemento e o seu funcionamento xeral. Aínda que iremos detallando e explicando cada unha posteriormente con detemento, as características de POO que soporta PHP5 inclúen:

- Métodos estáticos.
- Métodos construtores e destrutores.
- Herdanza.
- Interfaces.
- Clases abstractas.

Entre as características que non inclúe PHP5, e que podes coñecer doutras linguaxes de programación, están:

- Herdanza múltiple.
- Sobrecarga de métodos (incluídos os métodos construtores).
- Sobrecarga de operadores.

--[Víctor Lourido](#) 19:36 27 jun 2013 (CEST)